

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 17 DE MARZO DO 2022.**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p> <p align="center">Membros que asisten:</p> <p>SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center">Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center">Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center">Membros que non asisten:</p> <p>-----</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Dezasete de Marzo do Dous mil vinte e dous, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 10/03/2022

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202203/274

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 14/03/2022 "Decreto: Aprobación do Plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado "PAVIMENTACIÓN E PLUVIAIS EN RÚA DO CASTRO (CASTIÑEIRAS)""

3.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:



COMUNICACIÓN DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 08.03.2022:

1671	01.02.2022	COMUNIDAD DE PROPIETARIOS EDIF. MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA, impermeabilización de patios comunitarios, en c/ Miguel Rodríguez Bautista, 11-c/Mariño de Rivera, 15, Ribeira.
1876	03.02.2022	JOSÉ GARCÍA FONTAO, limpieza y pintado de entresuelo, Plaza Porta do Sol, 2-planta 1ª, local 2.3, Ribeira.
2168	07.02.2022	COMERCIAL Y ALUMINIOS MALLO AREA S.L., colocar escaparates en rúa do Norte, 1, Palmeira.
2308	09.02.2022	BEATRIZ MUÑIZ DIOS, cambio de piezas de baño, en Paseo de las Carolinas, 14, Ribeira.
2322	09.02.2022	FRANCISCO JOSÉ CASTRO GUDE, cierre en parte trasera de la finca, en Mámoa, 37-B, Carreira.
2359	09.02.2022	CARMEN PENA GARCÍA, colocar enrejado en muro existente en rúa das Bouzas, 8, Ribeira.
2401	09.02.2022	DIGAR DE ARTES, S.L., cambio de ventanas en rúa Galicia, 103, Ribeira.
2490	09.02.2022	BERNARDO MANEIRO ROMAY, reparación de muro en Estrada o Faro, 38, Corrubedo.

COMUNICACIÓN DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 10.03.2022:

2533	11.02.2022	IGOR E IVAN ENRIQUEZ PÉREZ, cierre de parcelas en Pedra do Pino, Corrubedo.
2540	11.02.2022	MARIA TERESA BRIÓN MOS, rehabilitación de muro tradicional, en Vilar, 37.
2650	14.02.2022	JOSÉ MANUEL AYASO GARCÍA, cierre frontal en Casal Novo, Carreira.
2628	14.02.2022	AURELIO MIGUEL SOUTO REGO, reparación y limpieza de tejado en galpón, Montevixan, Carreira.
2713	15.02.2022	LUIS FERREIRO GARCÍA, sustitución de cubierta y cierre en Axeitos, Oleiros.

4.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL -NEDGIA GALICIA, S.A. (Matadoiro Municipal)

Visto o escrito presentado por **Nedgia Galicia, S.A.**, de data 02/02/2022 (Rexistro de entrada nº 1.748), no que solicita a devolución de aval depositado pola realización de obras de reposición de pavimentos en canalización rede gas natural en Polígono Industrial de Xarás – Matadoiro Municipal (Ribeira).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 10/03/2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Aprobar a devolución do aval depositado por **Nedgia Galicia, S.A.** pola realización de obras de reposición de pavimentos en canalización rede gas natural en Polígono Industrial de Xarás – Matadoiro Municipal (Ribeira), polo importe de 3.717,56 €.

5.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL E FIANZA -NEDGIA GALICIA, S.A. (Rúa Vilar - Palmeira)

Vistos os escritos presentados por **Nedgia Galicia, S.A.**, de datas 01/02/2022 e 21/02/2022 (Rexistros de entrada nº 1.724 e 3.177), nos que solicita a devolución de aval e fianza



depositados pola realización de obras de reposición de pavimentos en ampliación rede gas natural en Rúa Vilar, 47 (Palmeira).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 14/03/2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución do aval e fianza depositados por **Nedgia Galicia, S.A.** pola realización de obras de reposición de pavimentos en ampliación rede gas natural en Rúa Vilar, 47 (Palmeira), polos importes de 4.500,00 € e 2.600,00 €, respectivamente.

6.- LICENZA MUNICIPAL para REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE. LUGAR DE RÚA CANTÓN Nº 10, CORRUBEDO, RIBEIRA. PROMOTOR: FERNANDO PAZO PANIAGUA

VISTA a **solicitud** de **licenza urbanística** presentada por **D.Fernando Pazo Paniagua**, (DNI 33.241.311-D), rexistrada de entrada o día 20 de decembro de 2021, (Rexistro de entrada nº 22.691), para **rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar existente sita na Rúa Cantón nº 10, Corrubedo**, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 3835901MH9133N0001DJ así como excepción do cumprimento do Decreto 29/2010 de maio de 2019 polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, achegándose Proxecto Básico de marzo de 2021 redactado por Dna. Ana Isabel Escurís Villanustre, (arquitecta col. nº 2.482), así como compromiso de Dirección de Obra e Declaración de obra nova e capitulacións matrimoniais autorizada polo notario de Santiago de Compostela Sr. Enrique Roger Amat de día 24 de outubro de 2003.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os **informes** emitidos polo **arquitecto municipal** o día **24 de xaneiro de 2022**, a **enxeñeira municipal** o día **24 de novembro de 2021 e 24 de xaneiro de 2022**, o **técnico de administración xeral** de data **9 de marzo de 2022** e o **secretario xeral da Corporación** de data **10 de marzo de 2022**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **D.Fernando Pazo Paniagua** en virtude do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, a **AUTORIZACIÓN DE EXCEPCIONALIDADE** do cumprimento das condicións de habitabilidade do presente expediente, xa que a edificación a rehabilitar contaba con vivenda en planta baixa que non cumpría cos requisitos de protección de vistas dende a rúa, segundo se establece no punto II.3.2.3. do Anexo II das NHV:

Darase traslado do presente acordo no prazo máximo de seis meses á Dirección Xeral do IGVS.

SEGUNDO.- CONCEDER ao **D. Fernando Pazo Paniagua LICENZA DE OBRAS (Nº 9/22)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** sita na **Rúa Cantón nº 10, Corrubedo, Ribeira**, en parcela con refª catastral nº 3835901MH9133N0001DJ, nos termos



do Proxecto Básico de marzo de 2020 redactado pola Sra. Ana Isabel Ecurís Villanustre, (arquitecta col. nº 2.482):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.
- Deberá depositar nas arcas municipais unha fianza de **715,50 €** en metálico ou mediante aval bancario para apertura ou regularización do viario ás que da fonte o solar.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde**.

TERCEIRO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

CUARTO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

QUINTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias dos servizos.*

Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

SEXTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu*



caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SÉTIMO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos



ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

DÉCIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

7.- LICENZA MUNICIPAL para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. PROXECTO DE EXECUCIÓN. LOCALIZACIÓN: LUGAR DE MARTÍN, PÁRAMOS, RIBEIRA. PROMOTOR: BORJA FRANCISCO MARIÑO PAMPÍN

VISTA a solicitude de licenza urbanística presentada por **D. Borja Francisco Mariño Pampín, DNI nº 52936476K**, (rexistrada de entrada o día **27 de setembro de 2021**, nº 17300), para construción de **vivenda unifamiliar, no lugar de Martín, Páramos, Ribeira**, achegándose neste trámite **proxecto de execución** redactado polo arquitecto D. José Antonio Gómez Domínguez. Nº C.O.A.G. 4169.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os informes do **arquitecto técnico** en tarefas de asesoramento desta Corporación municipal de data 3 de marzo de 2022, e do **secretario xeral da Corporación** de data 7 de marzo de 2022, **considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.**

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- APROBAR PROXECTO DE EXECUCIÓN redactado polo arquitecto D. José Antonio Gómez Domínguez. Nº C.O.A.G. 4169 en relación coa solicitude de licenza



urbanística presentada por **D. Borja Francisco Mariño Pampín, DNI nº 52936476K**, e entrada o día **27 de setembro de 2021**, (Rexistro de entrada nº 17300), para construción de **vivenda unifamiliar, no lugar de Martín, Páramos, Ribeira**.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de*



xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*



- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

8.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á IMPOSICIÓN DE MULTA COERCITIVA DE 5.000 EUROS Á SRA. MARÍA DOLORES IGLESIAS MARTÍNEZ QUE SERÁ REITERABLE MENSUALMENTE ATA A EXECUCIÓN DA DEMOLICIÓN DA VIVENDA UNIFAMILIAR SEGUNDO O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 5 DE OUTUBRO DE 2017 DIMANANTE DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA 9/17.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

REFª CATASTRAL: 001101600NH01A0001BT.

SITUACIÓN: Rúa Fafián nº 23, Riveira.

INTERESADO/A: Sra. Mª Dolores Iglesias Martínez.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Visto o Decreto de Alcaldía de data 6 de xuño de 2017 polo que se incoaba expediente de reposición da legalidade urbanística DU 9/17 e ordenábase a súa instrución de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no artigo 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e no artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

2º.- Visto o o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 22 de xuño de 2017, notificado a Sra. Mª Dolores Iglesias Martínez o día 29 de xuño de 2017 e que acordou:

“
(...)

Primeiro.- Declarar que as obras e actuacións realizadas na vivenda unifamiliar sita na Rúa Fafián nº 23, Riveira en parcela con refª catastral nº 001101600NH01A0001BT, non se axustan á licenza de obras nº 36/16 e como resultan dos feitos probados sinalados polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño en informe emitido na data 20 de xuño de 2017 non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico.



Segundo.- ORDENAR á Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez **A DEMOLICIÓN DA VIVIENDA UNIFAMILIAR** obxecto deste expediente, así como ao cese definitivo dos usos aos que desen lugar.

A orde de demolición deberá ser executada no prazo de tres meses a contar desde a notificación da presente resolución, dando conta ao Concello de Riveira mediante comunicación previa.

(...)
“

3º.- Visto o recurso de reposición presentado pola Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez, en escrito rexistrado de entrada o día 7 de xullo de 2017, (Rexistro de entrada nº 11.804).

4º.- Visto o o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de outubro de 2017, notificado a Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez o día 30 de outubro de 2017, e que acordou:

“
(...)

Primeiro.- DESESTIMAR o recurso potestativo de reposición interposto pola Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2017, no expediente de reposición da legalidade urbanística DU 9/17, confirmando en consecuencia a resolución recorrida.

Segundo.- Notificar a presente resolución aos interesados entendo como tal á Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez e ao Sr. José Manuel Dios Teira.

(...)
“

5º.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 13 de xaneiro de 2022, notificado a Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez o día 14 de xaneiro de 2022, co seguinte tenor literal:

“
(...)

PRIMEIRO.- IMPOÑER á Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez **UNHA MULTA COERCITIVA DE 1.000 €**, que será reiterable mensualmente ata que a interesada proceda a cumprir co ordenado, e proceda **A SÚA CUSTA Á DEMOLICIÓN DA VIVENDA UNIFAMILIAR** sita en parcela con ref^a catastral nº 001101600NH01A0001BT, en fafián, Ribeira.

(...)
“

6º.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 17 de febreiro de 2022, notificado a Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez o día 18 de febreiro de 2022, co seguinte tenor literal:

“
(...)



PRIMEIRO.- IMPOÑER á Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez UNHA MULTA COERCITIVA DE 2.000 €, que será reiterable mensualmente ata que a interesada proceda a cumprir co ordenado, e proceda A SÚA CUSTA Á DEMOLICIÓN DA VIVENDA UNIFAMILIAR sita en parcela con ref^a catastral n^o 001101600NH01A0001BT, en fafián, Ribeira.

(...)
“

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Segundo o disposto no artigo 152 da LSG, cando se estivesen executando obras sen licenza ou sen axustarse ás condicións sinaladas nelas, o alcalde dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoa-lo expediente de reposición da legalidade, comunicándollo ó interesado.

Instruído o expediente de reposición da legalidade e logo de dar audiencia ó interesado, adoptárase algún dos seguintes acordos:

- Si as obras non fosen legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordárase a súa demolición a custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos ós que desen lugar ou, se é o caso, á reconstrución do indebidamente demolido.
- Si as obras fosen legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ó interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.
- Si as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licenza ou orde de execución, ordenaráselle ó interesado que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licenza no prazo previsto.

Este procedemento deberá resolverse no prazo de un ano contado desde a data do acordo de iniciación.

Si transcurrido o prazo de tres meses desde o requerimento o interesado non solicitase a oportuna licenza ou, se é o caso, non axustara as obras ás condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde acordará a demolición das obras a custa do interesado e procederá a impedir definitivamente os usos ós que dese lugar.

Procederase de igual modo no suposto de que a licenza fose denegada por se-lo seu outorgamento contrario á legalidade.

No caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata logra-la execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

O disposto nos párrafos anteriores entenderase sen prexuízo da imposición das sancións que procedan.

Na súa virtude, vistos os antecedentes obrantes no expediente, vistas as multas impostas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 13 de xaneiro de 2022, notificada á Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez o día 14 de xaneiro de 2022, vista a multa imposta 17 de febreiro de 2022, notificado a Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez o día 18 de febreiro de 2022, visto que a emisión do non se executou a demolición da vivenda unifamiliar segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de día 5 de outubro de 2017 dimanante do expediente de reposición da legalidade urbanística 9/17, visto o artigo 15.6 da LSG, visto o artigo 384.1



do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 11/03/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- IMPOÑER á Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez **UNHA MULTA COERCITIVA DE 5.000 €**, que será reiterable mensualmente ata que a interesada proceda a cumprir co ordenado, e proceda **A SÚA CUSTA Á DEMOLICIÓN DA VIVENDA UNIFAMILIAR** sita en parcela con ref^a catastral nº 001101600NH01A0001BT, en Fafián, Ribeira.

A multa imposta reducirase na súa contía nun 30% se é aboada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor mostra por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

O importe da multa deberá facerse efectivo na Tesourería deste Concello, nas horas de oficina nos seguintes prazos:

- Para as notificacións practicadas entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior, ou, si éste non fora hábil ata o inmediato hábil seguinte.
- Para as notificacións practicadas entre o 16 e o último de cada mes, desde a data da recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, si éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

SEGUNDO.- Advertirlle á interesada que de non facerse efectivo o importe da multa nos prazos sinalados, procederase o seu cobro pola vía administrativa de constrinximento, co recargo do 20%, intereses de demora e costas que en cada caso sexan esixibles.

TERCEIRO.- Notificarlle á interesada que contra a resolución de imposición da multa coercitiva, por ser un acto que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano administrativo que dictou a resolución expresa no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa presentación.

Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da presente ou, no caso de interposición do potestativo recurso de reposición, desde o día seguinte ao da resolución expresa do mesmo.

Si a resolución do recurso de reposición non fora expresa senón tácita, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde a día seguinte ó que se produza o acto presunto. Todo iso, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que considere procedente.

Advertir á Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez que, en caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria da mesma.

9.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – María Dolores Gude Sampedro

Visto o escrito presentado por **María Dolores Gude Sampedro**, de data 08/02/2022 (Rexistro de entrada nº 2242), no que solicita información urbanística en relación a parcela situada en Aguiño, con referencia catastral nº 15074A027002850000KZ.



Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 08/03/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo con el PLAN GENERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de Diciembre de 2.002. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y La Ley del Suelo 2/2.016, además para este caso concreto, en el que se señala una finca en el plano adjunto de referencia catastral 15074A027002850000KZ que está clasificadas como **SUELO RUSTICO de PROTECCIÓN de COSTAS**, con las siguientes determinaciones:

Que las parcelas objeto de informe están clasificadas como:

Suelo Rústico de protección de COSTAS.

Artículo 35. *Usos y actividades en suelo rústico*

1. Los usos y las actividades admisibles en suelo rústico serán los siguientes:

- a) Acciones sobre el suelo o subsuelo que impliquen movimientos de tierra, tales como dragados, defensa de ríos y rectificación de cauces, abancalamientos, desmontes y rellenos.
- b) Muros de contención, así como vallado de fincas.
- c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada de un día y actividades comerciales ambulantes.
- d) Campamentos de turismo e instalaciones de playa y actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo y de baño, de carácter público o privado, de uso individual o colectivo, que se desarrollen al aire libre, con las obras e instalaciones imprescindibles para el uso de que se trate.
- e) Actividades científicas, escolares y divulgativas.
- f) Depósito de materiales, almacenamiento y parques de maquinaria y estacionamiento o exposición de vehículos al aire libre.
- g) Construcciones e instalaciones agrícolas en general, tales como las destinadas al apoyo de las explotaciones hortícolas, almacenes agrícolas, talleres, garajes, parques de maquinaria agrícola, viveros e invernaderos.
- h) Construcciones e instalaciones destinadas al apoyo de la ganadería extensiva e intensiva, granjas, corrales domésticos y establecimientos en los que se alojen, mantengan o críen animales, e instalaciones apícolas.
- i) Construcciones e instalaciones forestales destinadas a la gestión forestal y las de apoyo a la explotación forestal, así como las de defensa forestal, talleres, garajes y parques de maquinaria forestal.
- j) Construcciones e instalaciones destinadas a establecimientos de acuicultura.
- k) Actividades e instalaciones comprendidas en el ámbito de la legislación minera, incluidos los establecimientos de beneficio, y pirotecnias.
- l) Instalaciones vinculadas funcionalmente a las carreteras y previstas en la ordenación sectorial de estas, así como las estaciones de servicio.
- m) Instalaciones e infraestructuras hidráulicas, de telecomunicaciones, producción y transporte de energía, gas, abastecimiento de agua, saneamiento y gestión y tratamiento de residuos, siempre que no impliquen la urbanización o transformación urbanística de los terrenos por los que discurren.
- n) Construcciones destinadas a usos residenciales vinculados a la explotación agrícola o ganadera.



